

CONVENIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDANTES DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de novembro ata o 31 de xullo de 2017, renovable automaticamente por igual período de tempo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Posibilitar aos estudantes da titulación do Grao de Socioloxía da Universidade da Coruña a realización do Practicum correspondente ao Plan de estudos do Grao en Socioloxía dentro dos programas de cooperación educativa promovidos polo Consello da Cultura Galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES) hai unha especial énfase na realización por parte dos estudantes de grao e mestrado de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 15 de novembro de 2016